

XIX ENCONTROS PARA A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

DEREITOS LINGÜÍSTICOS, UNHA GARANTÍA PENDENTE?

20 e 21 de abril de 2017

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

CURRÍCULOS

GREGORIO FERREIRO FENTE

Funcionario de carreira do corpo de profesores de ensino secundario, é actualmente asesor técnico da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, organismo público dentro do que participou na redacción, posta en marcha ou coordinación de proxectos como o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega ou a Comisión Interdepartamental da Xunta de Galicia. Foi profesor colaborador do Instituto de Ciencias da Educación (cursos de aptitude pedagóxica) da USC e colabora dende hai anos co Centro Autonómico de Formación e Innovación e cos centros provinciais de formación e recursos do profesorado, nos que imparte cursos sobre sociolingüística e planificación lingüística, temáticas sobre as que ten pronunciado conferencias, publicado artigos e organizado congresos.

Paralelamente, é autor de libros (Edicións do Castro, TresCtres Editores, Edicións Xerais de Galicia, Mar Maior) e de artigos e ensaios sobre escritores (Ernesto Sábato, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Daniel R. Castelao, José Otero Espasandín, Valentín Paz-Andrade, Eduardo Blanco-Amor) e temas literarios (poesía cívica, ecdótica, edicións literarias), aparecidos en publicacións especializadas e de divulgación (*Boletín Galego de Literatura, Grial, Tempos Novos, Boletín da Real Academia Galega*, actas de congresos, etc.) e xornais (*La Voz de Galicia, Faro de Vigo, Galicia Hoxe*).

PAUL BILBAO SARRIA

Licenciado en Filosofía e Letras; posgraduado en Planificación Lingüística; experto universitario en Dereitos Humanos; mestrado en Dereitos Fundamentais e Poderes Públicos.

Moi vinculado ao movemento social pola normalización do éuscaro. Foi profesor de éuscaro para adultos na coordinadora de AEK. No ano 2001 comezou a traballar en Behatokia, o Observatorio de Dereitos Lingüísticos, e dirixiuno até 2010. Ese ano foi nomeado secretario xeral de Kontseilua, a entidade que aglutina dúcias de asociacións e entidades que traballan a favor do éuscaro.

Escrebiu numerosos artigos, en publicacións nacionais e internacionais, sobre a situación dos dereitos lingüísticos dos vascofalantes, así como sobre a función da sociedade civil nos procesos de recuperación de linguas minorizadas. Representou a lingua vasca en diferentes comités da ONU e participou activamente en todas as avaliacións realizadas polo Consello de Europa sobre a implementación da *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, así como nas últimas dúas avaliacións do *Convenio marco para a protección das minorías nacionais*.

É vicepresidente da rede ELEN-European Language Equality Network.

MARCOS MACEIRA

Santiago de Compostela, 1978. Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) e máster de Xestión Cultural pola Universitat Oberta de Catalunya (UOC).

Foi coordinador do Simposio Renacer Galego-Homenaxe a Xosé Chao Rego (2004) e do Simposio Internacional Priscilano (2006).

Participou en diferentes organizacións sociais, estudantís e culturais. Foi representante dos Comités Abertos de Estudantes no Consello Escolar de Galiza (1996-1998), responsábel de Organización dos CAF (1999-2001), presidente da Agrupación Cultural O Galo e vicepresidente da Federación de Asociacións Culturais Galiza Cultura (2012-2014).

No ámbito do activismo pola lingua foi coordinador do Correlingua de 2008 a 2014; participou na xestora nacional da plataforma cidadá

Queremos Galego desde o seu nacemento en 2009, e é presidente da Mesa pola Normalización Lingüística desde 2014.

Mantivo colaboracións cos semanarios *Sermos Galiza* e *A Nosa Terra* e coa revista dixital *Terra e Tempo*. Coordinou a publicación das *Actas do Simposio Renacer Galego–Homenaxe a Xosé Chao Rego*.

ANXOS SOBRIÑO

O Rosal, 1971. É licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Realizou unha memoria de licenciatura sobre a entoación do galego do Baixo Miño, baixo a dirección do profesor Xosé Luís Regueira, e foi bolseira no Instituto da Lingua Galega, onde traballou no proxecto Tesouro Informatizado da Lingua Galega, dirixido polo profesor Antón Santamarina.

No ámbito da normalización lingüística, traballou como técnica de normalización lingüística no Concello do Rosal. Posteriormente, durante tres anos, ocupou un posto de tradutora intérprete na Dirección Xeral de Xustiza da Xunta de Galicia e, desde o ano 2005, é técnica superior lingüista na Audiencia Provincial de Pontevedra.

Desde hai un ano é presidenta da Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL).

XESÚS M. COSTAS ABREU

Vigo, 1957. Estudou Dereito, especialidade xurídico-económica, e logo Ciencias Políticas, coa especialidade en ciencias de administración, licenciouse nos anos 1979 e 1985. Cursou tamén un mestrado en Unión Europea nos anos 1995-97.

É funcionario de carreira (técnico de administración xeral), desde o 11-3-1982, do Concello de Compostela, en excedencia.

É funcionario, tamén, do Concello de Vigo, onde traballa como letrado no seu Servizo Xurídico-Contencioso.

Foi un dos fundadores da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística, participou en diversas Xornadas de Lingua e Administración, nos Encontros para a Normalización Lingüística e na Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega.

Ten desenvolvido actividades docentes en varios ámbitos. É autor de diversas publicacións en revistas especializadas e obras colectivas, así como do manual *As Leis do Parlamento de Galicia 1982-2000*.

CONCEPCIÓN COCHÓN

Licenciada en Filoloxía Hispánica, especialidade Galego-Portuguesa, pola Universidade de Santiago de Compostela; posteriormente realizou o mestrado interuniversitario en Política Lingüística e Planificación da Lingua Galega, do que acadou o título pola Universidade de Vigo.

Traballa no Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra desde a súa creación, no ano 1999. Desde ese ano pertence á CTNL e foi parte da directiva desta asociación entre os anos 2000 e 2006.

Como técnica de normalización e membro da CTNL, participou e participa en diversos proxectos colectivos para a normalización da lingua. Algunhas destas iniciativas, como a Rede de Entidades Amigas da Lingua, son de ámbito local e sitúanse en Pontevedra; outras, como Ciberlingua, Club de Debate ou Apego, naceron e desenvolvéronse ao longo do país, grazas ao traballo en colaboración de moitos servizos de normalización municipais e diversas entidades comprometidas co noso idioma.

ALICIA PAULA OTERO GONZÁLEZ

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela. No ano 2004 tomou posesión como funcionaria de carreira no Concello de Pontevedra, nunha praza de técnica de administración xeral, onde traballou nos departamentos de Secretaría e de Persoal. Na actualidade é a xefa do servizo do Gabinete da Alcaldía do Concello de Pontevedra, posto que ocupa dende o ano 2007. Pertence á Irmandade Xurídica Galega, asumindo o compromiso de utilizar e promover o galego como profesional do dereito e da Administración pública.

MARÍA DEL CARMEN PAZOS AREA

Licenciada en Dereito pola Universidade de Santiago de Compostela.

Funcionaria en excedencia do Concello de Pontevedra e funcionaria de carreira do Concello de Vigo dende o ano 2007, técnica de administración xeral, actualmente xefa do servizo de Inspección de Tributos do Concello de Vigo, posto que ocupa dende o ano 2013. Pertence á Irmandade Xurídica Galega.

VALENTINA FORMOSO GOSENDE

Profesora das materias de Lingua galega e de Portugués no IES Félix Muriel de Rianxo, onde coordina o Equipo de Normalización Lingüística.

Compaxinou sempre a súa vida laboral coa investigación en sociolingüística e co traballo normalizador. Comezou a súa carreira laboral no departamento de normalización lingüística da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), experiencia que lle serviu para, ademais de elaborar varios materiais lingüísticos para o ámbito económico e empresarial, decidir o tema da que sería a súa tese de doutoramento: *A lingua galega no ámbito empresarial: usos e representacións sociolingüísticas*.

A experiencia do ámbito do ensino secundario e dos equipos de normalización avalou outra investigación que se concretou na súa última publicación, o libro *Do estigma á estima. Propostas para un novo discurso lingüístico* (2013, Ed. Xerais).

Ten publicado varios artigos arredor destas dúas áreas de investigación e tamén sobre terminoloxía, ámbito en que afondou durante a súa estadía en TERMIGAL.

Desde 2009 a 2016 foi a coordinadora xeral da Coordinadora Galega de Equipos de Normalización e Dinamización Lingüística (CGENDL).

M^a MONTSERRAT CASTRO RODRÍGUEZ

Na actualidade exerzo de profesora contratada doutora da Facultade de CC. da Educación da Universidade da Coruña. Previamente, estiven traballando como mestra de Lingua estranxeira e de Pedagogía terapéutica en distintos colexios das provincias de Lugo e A Coruña. Son diplomada na titulación de Mestra, licenciada e doutora en CC. da Educación. Formo parte de distintas asociacións, entre elas Nova Escola Galega.

Os meus ámbitos de investigación están orientados á didáctica e organización para a atención á diversidade dende a perspectiva inclusiva. En paralelo, veño participando na organización e coordinación de actividades de formación arredor dos materiais e recursos educativos: Seminario-Obradoiro internacional de avaliación de materiais didácticos; A educación e os materiais didácticos; Xornadas de Materiais Didácticos: Recursos e materiais didácticos para o ensino en galego; Encontro internacional Fenda Digital; Congreso de materiais. Materiais e recursos didácticos innovadores.

Teño participado en distintos proxectos de investigación sobre a elaboración e avaliación de recursos educativos. Sendo mestra tiven unha licenza de estudos para a elaboración de materiais curriculares de lectoescritura en lingua galega contextualizados no contorno; coordinación dun grupo de traballo subvencionado pola Consellería de Educación e Ordenación para o estudo e análise das guías de avaliación de material curricular; Proxectoterra; Proxecto EU-BUILDIT, European Buildings and information technologies; Proxecto de elaboración de materiais curriculares para unha intervención socieducativa dende o ensino formal e non formal para o concello das Pontes. Na actualidade formo parte do equipo dirixido polo profesor Manuel Area, catedrático da Didáctica da Universidade da Laguna, que ten como título *Escuel@ Digit@l* La escuela de la sociedad digital: análisis y propuestas para la producción y uso de los contenidos digitales educativos.

Algunhas das miñas publicacións relacionadas cos recursos educativos e materiais didácticos: “Dilemas en relación a los materiales y recursos para una educación infantil inclusiva”, *Revista Latinoamericana de Educación Infantil*; “Inclusive education in environmental studies textbooks for primary education”, *IARTEM e-Journal*; “Materiais didácticos territorializados”, en *Materiais didácticos e experiencias educativas innovadoras*; “La elaboración de materiales didácticos por los propios alumnos y profesores”, en *Aula de Innovación Educativa*; “Materiales didácticos para una intervención interdisciplinar desde los ámbitos formal y no formal: un análisis tras su implementación”.

MARÍA CARMEN TEIJIDO LÓPEZ

Licenciada en Psicoloxía e diplomada en Criminoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (USC), comeza no ámbito da investigación no Departamento de Psicoloxía Social e Básica na área de Psicolingüística

do Bilingüismo, presentando a memoria de licenciatura “Recoñecemento visual de palabras en suxeitos bilingües de galego e castelán” (2000). É coautora do único dicionario de frecuencias léxicas do galego escrito para nenos (publicado pola USC en 2003).

No ano 2002 abandona a investigación na Universidade e, tras realizar un Curso Superior en Recursos Humanos, céntrase noutra área diferente da Psicoloxía: a Consultoría Técnica, traballando para diferentes empresas de consultoría co desenvolvemento de diferentes proxectos de formación para adultos (cursos para persoas desempregadas entre 2002 e 2005, e dende 2005 até 2007 desenvolvendo os proxectos formativos da Confederación de Empresarios de Ourense a través da consultora Ingafor-Vigo).

No ano 2007 comeza a traballar para a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria como PES interina da especialidade de Intervención Sociocomunitaria, desenvolvendo o seu labor docente nos CIFP Monte Alto (A Coruña), Compostela (Santiago) e A Xunqueira (Pontevedra) e no IES Félix Muriel (Rianxo) nos Ciclo Superior en Educación Infantil, Ciclo Superior en Integración Social e Ciclo Medio en Atención a persoas en situación de dependencia. Nos anos 2012 e 2013 é tamén avaliadora no proceso de acreditación de competencias do certificado de profesionalidade de Educación Infantil, e neste ano 2017 é a coordinadora dos cursos AFD do departamento de Servizos Sociais e á Comunidade do CIFP A Xunqueira, en Pontevedra, onde traballa na actualidade.

Conta con formación complementaria moi variada e en todas as áreas relacionadas coa Psicoloxía (Educativa, Clínica e de Recursos Humanos), pero está centrada nos últimos anos na aplicación das novas tecnoloxías á aula.

CARLOS BLANCO ARCA

Licenciado en Física, especialidade Electrónica. Ademais, conto con outros cursos de formación tanto pedagóxicos como da rama eléctrica, como poden ser, entre outros: Equipamento para estación con robot industrial ABB IRB120, CYPELEC REBT ZERO, PNEUMATE-200 - SMC International Training.

Na actualidade son profesor técnico de Formación Profesional da rama Electricidade – Electrónica, dentro da Especialidade Instalacións Electrotécnicas.

No curso 2016/17 estou a impartir docencia no CIFP Politécnico de Santiago, no Ciclo Superior de Sistemas Electrotécnicos e Automatizados e no Ciclo Superior Automatización e Robótica Industrial.

MANEL OLIVEIRA OZORES

Estudios cursados: técnico auxiliar en Hostalaría e Turismo no centro IES Compostela; técnico especialista en Hostalaría e Turismo no mesmo centro.

Experiencia laboral: 2004-2006, Grupo Ana Brenlla s.l.; 2006-2007, Catering Bokete; 2007-2009, xerente e propietario de Vinoteca Albarella; 2009-actualidade, copropietario de Tapería Castelao; dende 2010 é interino nos Ciclos Formativos de Hostalaría e Turismo.

MARINA QUELLE CUADRADO

Licenciada en Psicoloxía Social pola Universidade de Santiago de Compostela e licenciada en Ciencias do Traballo pola Universidad de Oviedo.

Desde o ano 1998 é profesora de Ensino Secundario da Especialidade de Formación e Orientación Laboral, módulo presente en todos os ciclos de Formación Profesional. Actualmente exerce como profesora no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela en Réxime Ordinario e en Réxime de Persoas Adultas.

MANUEL BERMÚDEZ

Técnico de normalización lingüística do SNL da USC. Forma parte dese feixe de traballadores e traballadoras que formaron hai máis de vinte anos a CTNL. Membro da Comisión Técnica do CDSG do Consello da Cultura Galega. Autor de *Reparar a corrección* (CTNL) e coautor de *Manual de linguaxe non sexista* (USC).

ROSALÍA FERNÁNDEZ RIAL

É licenciada en Filoloxía, doutora en Didáctica das Linguas e da Expresión Dramática pola Universidade de Santiago de Compostela e ten formación en artes escénicas e musicais. Pero, sobre todo e desde moi nova, dedícase á escrita.

Actualmente exerce como profesora de Lingua e literatura e está implicada en diversos proxectos artísticos e pedagóxicos de carácter interdisciplinar.

Como poeta ten publicados os seguintes libros: *En clave de sol* (2009), *Átonos* (2011), *Vinte en escena* (2012), *Un mar de sensacións* (2012), *Ningún amante sabe conducir* (2014), *Contra-acción* (2016) ou *Sacar a bailar* (2016). Títulos que cos que se metamorfosea en presentacións performánticas e musicais.

Aulas sen paredes (libro-DVD, 2016) é a súa obra de ensaio máis relevante, que deriva da tese de doutoramento defendida ese mesmo ano, que inclúe un documental audiovisual coa intervención didáctica e na que usa a expresión dramática e teatral como ferramentas pedagóxicas para o ensino e aprendizaxe de linguas.

Ademais, forma parte da directiva da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) e do consello de redacción da *Revista Galega de Educación*.

Máis información en: <http://www.rosaliafernandezrial.com/gl/>

CARLOS NEGRO

Lalín, 1970. Docente e escritor; da súa autoría son obras como *Far-West* (2001), *Makinaria* (2009), *Penúltimas tendencias* (Premio da AELG á mellor obra de literatura infantil e xuvenil do ano 2014) ou *Masculino singular* (2016); iniciouse no xénero poético con *As laranxas de alí babá* (1998). Recibiu tamén o premio *Johán Carballeira* polo poemario *Héleris* (2003), o Vitoriano Taibo por *Cultivos transxénicos* (2008) e, máis recentemente, o Fiz Vergara Vilariño por *Tundra*, de próxima publicación. Ensaiou o xénero satírico no dicionario *Abelcebú* (2010), de carácter burlesco; neste 2017, formou parte do proxecto colectivo *Os aforismos do riso futurista*, publicado por Xerais.

Nos últimos anos vén desempeñando un continuo labor de achegamento da poesía ao público xuvenil, a través de recitais e obradoiros en institutos de toda Galicia; visita con frecuencia os clubs de lectura escolares, establecendo un diálogo sen prexuízos con respecto á poesía, entendida como un xénero aberto, imaxinativo e ao alcance de públicos non especializados na lectura académica. Así mesmo, en colaboración coa AELG e diversos concellos do país, impartiu obradoiros de creación literaria para adultos. As súas experiencias didácticas neste eido recóllense no ensaio “Ler poesía tampouco é para tanto”, publicado en *Poesía Hexágono. Ollada e experiencia. Proposta e resposta nas aulas* (Apiario, 2015).

MARTA SOUTO GONZÁLEZ

Licenciada en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago de Compostela (1987).

Profesora de Lingua e literatura galegas entre 1987 e 1991. No ano 1992 comezo a traballar como técnica do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, como responsable deste SNL.

Profesora da Academia Galega de Administración Pública, impartindo cursos de redacción e linguaxe administrativa para funcionarios/as da Xunta e corporacións locais.

Publicacións:

Autora e coautora de distintos manuais de documentos administrativos e libros de estilo administrativo: *Formularios básicos de procedemento xudicial en lingua galega*, 2003; *Manual de formularios para policía locais*, 2001; *Manual de documentos para asociacións veciñais*, 2001; así como *Léxico de urbanismo, construción e arquitectura*, 2000.

Relatorios:

1. Toponimia:

“Toponimia: Ferramenta para normalizar a lingua” nas xornadas *Como se chama ese lugar?* sobre toponimia viguesa, organizadas polo Concello de Vigo e a Universidade de Vigo (Vigo, 2010); “O territorio nomeado”, XXI Congreso Internacional ICOS de Onomástica e Toponimia (Barcelona, 2011); “Meu, coñecéndonos, descubríndonos”, I Curso de Formación en Especialistas en Toponimia, organizado polos concellos

de Ourense, Pontevedra, Vigo, a Uvigo e o Instituto de Estudos Miñoranos (Vigo, Pontevedra e Gondomar, marzo de 2013); “Toponimia do val de Fragoso”, II Xornadas de Toponimia Viguesa (Vigo, 2013); “Toponimia e normalización”, curso de verán Toponimia. Actuación e Interpretación, organizado pola USC (Santiago, 2013).

2. Dinamización/Normalización lingüística:

Dende o ano 2001 e até o 2006 no Paternariado de linguas minoritarias da UE coa presentación de distintas actividades do SNL, así como noutros foros europeos sobre linguas minoritarias.

- Congreso Internacional A Lingua Galega. Historia e Actualidade, organizado polo Instituto da Lingua Galega (1998).

En diversas ocasións nos Encontros para a Normalización Lingüística do Consello da Cultura Galega, en cursos da USC e en xornadas organizadas pola USC.

Fóra de Galiza:

“Duplo R. regueifa e rap”. El catalán mola?, xornadas organizadas pola Deputación de Tarragona, no ano 2010.

“Bibliotecas viventes”. Proxecto “E-Books 21”, Atenas, 2011.

“A improvisación oral tradicional e modernidade. Centro de Interpretación da Oralidade de Vigo”, no congreso L'Improvisation Orale. Tradition et Actualité. Galice, Pays Basque et Pays Catalans, Nouvelle Sorbonne, París, 2014.

“A improvisación oral: ferramenta para a normalización lingüística”, no Congreso Mundial sobre Canto Improvisado, organizado por Mintzola Fundazioa e pola Universidade do País Vasco, Donosti, 2016.

MARTA MARIÑO MARTÍNEZ

Licenciada en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela (2015).

Médico interno residente de primeiro ano na Especialidade Medicina de Familia e Comunitaria no Centro de Saúde de Sárdoma.

ÁLVARO LAMAS BAÑOS

Licenciado en Medicina e Cirurxía pola Universidade de Santiago de Compostela no ano 2015.

Médico interno residente de primeiro ano na Especialidade Medicina de Familia e Comunitaria no Centro de Saúde de Matamá.